

REGULAMENTO CONGRESO LOCAL
PARTIDO POPULAR DE PADRÓN
25 de abril de 2026



TÍTULO I

DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 1.- CONVOCATORIA DO CONGRESO

1.1. De conformidade co establecido nos vixentes Estatutos do Partido Popular (art. 27 e seguintes) e no Regulamento Marco de Congresos (art. 3 e 21 RMC), mediante Acordo adoptado pola Xunta Directiva Provincial, na súa reunión de data 16 de marzo de 2026, convócase a celebración do Congreso local do Partido Popular de Padrón, que terá lugar o día 25 de abril de 2026, en Padrón.

O horario, así como a programación concreta do Congreso, poderá ser modificado pola Comisión Organizadora (art. 28.c EN).

1.2. A convocatoria do Congreso Local comunicárase a todos os afiliados da Xunta Local de Padrón. Nesta comunicación, que se realizará ao día seguinte da adopción do acordo de convocatoria, deberá indicarse o sistema para formalizar a asistencia e a data límite para realizala (artigos 20.4 y 6. RMC).

1.3. Darase a maior publicidade posible ao desenvolvemento do Congreso. Na páxina web (www.ppcoruña.es) e nas redes sociais da organización se colgarán todos os documentos relevantes para o correcto desenvolvemento e organización do mesmo (art. 5.9. RMC).

Artigo 2.- COMISIÓN ORGANIZADORA DO CONGRESO

2.1. Encoméndaselle á Comisión Organizadora o impulso, coordinación e dirección de todos os aspectos organizativos para o correcto desenvolvemento do Congreso (art. 5.4. RMC).

Tamén lle corresponde garantir a transparencia do proceso electoral, así como velar pola igualdade de dereitos de todos os afiliados e polo respecto á legalidade vixente en materia de protección de datos.

Así mesmo, garantirá a todos os candidatos a igualdade de oportunidades e asegurará a neutralidade da organización do Partido.

En cumprimento da normativa sobre protección de datos, da circular sobre protección de datos nos congresos do Partido Popular de data 21/12/2020, e das normas sobre uso dos listados de afiliados do Partido Popular de data 19/04/2021, os candidatos non poden acceder ás listas dos afiliados, sexa mediante a recepción física ou electrónica das mesmas, ou la mera reprodución ou acceso visual ás mesmas (art. 5.5.6. RMC).

Calquera acto de propaganda electoral que se pretenda levar a cabo, realizarase en condicións de igualdade, a través dos servicios do propio Partido (art. 5.7. RMC).

2.2. A Comisión Organizadora do Congreso (COC) estará integrada por:

PRESIDENTE: Carmen Lois Ferrón

VICEPRESIDENTE: Diego Manuel Pardal Moreiras

SECRETARIO: Ángel González Lens

VOGAL: Yésica Rosales Dios

VOGAL: José Ramón Pardo Barreiro

Artigo 3.- COMPETENCIAS DO CONGRESO LOCAL

O Congreso Local do Partido ostenta as facultades seguintes (ART. 6. RMC):

- a) Aprobar ou censurar, no seu caso, a actuación desenvolvida dende o anterior Congreso polo Comité Executivo Local.
- b) Aprobar ou modificar a normativa regulamentaria e organizativa propia do seu ámbito territorial, sen poder alterar as normas de rango superior
- c) Coñecer as contas do Partido no municipio.
- d) Configurar as normas políticas básicas para a dirección do Partido no seu ámbito territorial específico.
- e) Discutir e adoptar cantos documentos enriquezan a actuación do Partido Popular no concello, definan a súa oferta electoral ou afecten á estratexia de xestión da súa competencia.
- f) Elixir ao Presidente e aos vogais que integrarán o Comité Executivo.

Artigo 4.- REGULAMENTO DO CONGRESO

4.1. Todo o relativo á organización e funcionamento do Congreso Local de Padrón, se rexerá polo presente Regulamento, aprobado pola Xunta Directiva Provincial na súa reunión do 16 de marzo de 2026 (art. 7. RMC).

4.2. As dúbidas que se poidan presentar na interpretación do Regulamento serán resoltas pola Comisión Organizadora ata o momento da constitución da Mesa do Congreso.

4.3. Durante a celebración do Congreso, dita tarefa será competencia exclusiva da Mesa.

Artigo 5.- COMPOSICIÓN DO CONGRESO LOCAL

O novo RMC, no seu artigo 20.3 de congresos asemblearios mantén que, a comisión organizadora establecerá un prazo de “inscrición” que debe constar na comunicación de convocatoria do Congreso que faga a Comisión organizadora, así como o sistema de formalizar dita inscrición. Este prazo de inscrición debería ser idéntico ó prazo que se dea para a regularización de cotas por analoxía co caso de congreso por compromisarios no que o RMC si establece que a regularización de cotas pódese facer ata a finalización do prazo para a inscrición como candidato a compromisario (art. 13.5).

5.1. O Congreso Local do Partido Popular de Padrón será asembleario.

5.2. Censo do Congreso: O censo do Congreso quedará pechado no momento da convocatoria. En dito censo solo figurarán aqueles afiliados cunha antigüidade mínima de 6 meses, a fecha de dita convocatoria. (art. 3.7. RMC)

5.3. Nos Congresos Asemblearios, terán dereito a participar todos aqueles afiliados do Partido Popular de Padrón, incluídos os de Novas Xeracións, que cumpran cos requisitos sinalados no artigo 10 do Regulamento Marco de Congresos.

Para o exercicio deste dereito e co obxecto de facilitar a organización do Congreso, os afiliados deberán comunicar a súa asistencia á Comisión

Organizadora correspondente, quen establecerá un prazo para a inscrición. (art. 20.3. RMC).

5.4. Os afiliados con máis dun ano de antigüidade deberán estar ao corrente de, polo menos, as cotas acumuladas dende o último Congreso Local. Se a afiliación tivese lugar con posterioridade ao último Congreso, será necesario estar ao corrente de pago dende a data de afiliación (art. 10.1.a RMC).

5.5. Para facilitar que os afiliados que desexen actualizar as súas cotas poidan facelo, acórdase abrir un período dende 17 ao 31 de marzo de 2026 (fin do prazo de inscrición) para abonar as cotas pendentes.

Tendo en conta o establecido no artigo 4.3. dos Estatutos do Partido Popular e co motivo de garantir o cumprimento da normativa interna, deberá acreditarse a identidade da persoa que realiza o pago. Para elo, deberá realizarse exclusivamente mediante transferencia bancaria.

No caso dos afiliados que se atopen en situación de desemprego ou pensionistas con pensións non contributivas esgrimindo certificación acreditativa do organismo oficial, se lles poderá eximir do pago da cota, previa autorización do Comité Executivo Nacional, que revisará periódicamente dita situación (art. 8.1.g Estatutos nacionais).

TÍTULO II

DO PROCESO DE ELECCIÓN DO PRESIDENTE

Artigo 6.- CANDIDATOS Á PRESIDENCIA LOCAL

O novo RMC no seu artigo 11.5 establece que “para ser proclamado candidato á Presidencia do Partido en ámbitos territoriais inferiores, o número de avais necesarios será o correspondente ó 10% do censo de afiliados da organización territorial, ó corrente de pago das súas cotas na data da convocatoria. O número de avais necesarios será informado obrigatoriamente xunto á data da asemblea. En calquera caso, será suficiente para ser candidato á Presidencia de ditas organizacións o aval de, ó menos, 100 afiliados ó corrente de pago das súas cotas cando o número de avais sexa superior aplicando o cálculo do 10%”. E no artigo 20.5, relativo a congresos asemblearios, establece que “nos Congresos asemblearios, o números de avais para presentar candidaturas será fixado pola Xunta Directiva convocante, tendo en conta, para elo, o número de afiliados ó corrente de pago da organización correspondente”.

6.1. Poderán ser candidatos á Presidencia Local do Partido Popular de Padrón, todos os afiliados do Partido Popular en Padrón que se atopen ao corrente no pago das súas cotas, non estean suspendidos de afiliación e cumpran co resto das obrigas estatutarias. Ademais, será necesario ter unha antigüidade mínima como afiliado de 6 meses (art. 11.1. RMC).

6.2. Para ser proclamado candidato á Presidencia Local do Partido, o candidato deberá ser avalado, polo menos, por 10 afiliados que se atopen ao corrente de pago das cotas no momento da presentación dos avais. (Arts. 20.5., 11.5. y 11.6. RMC)

6.3. Os avais terán que formalizarse no modelo oficial que a tal efecto, elaborará a Comisión Organizadora e estarán a disposición dos afiliados a partir da convocatoria do Congreso Local.

6.4. A presentación da candidatura á Presidencia Local deberá formalizarse ante a Comisión Organizadora, non máis tarde das 20:00 horas do día 31 de

marzo de 2026. *[Prazo mínimo de 7 días e máximo de 15 dende a convocatoria]* (Art. 21.b. RMC).

6.5. Finalizado o prazo para presentar a candidatura á Presidencia Local, a Comisión Organizadora, unha vez comprobado que as candidaturas presentadas reúnen os requisitos esixidos e verificada a validez dos avais, procederá a proclamar aos candidatos e a convocar a campaña electoral interna.

6.6. Unha vez proclamados os candidatos á Presidencia Local, estes deberán presentar, ante a Comisión Organizadora e non máis tarde das 20:00 horas do día 16 de abril de 2026. *[Ata 5 días antes do Congreso]* (Art. 21.b. RMC), as súas candidaturas completas nas cales deberá constar, xunto ao nome e apelidos do candidato a presidir a Xunta Local, a relación dos vogais, cun máximo de 20, que formarán o respectivo Comité Executivo (Art. 21.d. RMC).

Ninguén poderá figurar en dúas ou máis candidaturas.

Artigo 7.- DA CAMPAÑA DOS CANDIDATOS Á PRESIDENCIA LOCAL

7.1. A campaña electoral interna comezará ás 10:00 horas do día 02 de abril de 2026 e rematará ás 20:00 horas do día 08 de abril de 2026 *[Prazo de entre 7 e 10 días]* (Art. 21.c. RMC).

7.2. Deberá existir, polo menos, un acto de convocatoria aos afiliados para que os candidatos poidan, se o desexan, presentar o seu programa para presidir a xunta local e ao seu equipo (Art. 21.c. RMC).

7.3. Porase a disposición os medios telemáticos do Partido para a remisión aos afiliados das comunicacións que os diferentes candidatos poidan elaborar, en condicións de igualdade, e sen cesión a estes dos censos de afiliados, prohibida pola Lei de Protección de Datos de Carácter Persoal.

TÍTULO III

DO FUNCIONAMIENTO DO CONGRESO

Artigo 8.- CONSTITUCIÓN DO CONGRESO LOCAL

O Presidente da Comisión Organizadora, declarará validamente constituído o Congreso Local, na hora, data e lugar da súa convocatoria, con independencia do número de afiliados asistentes.

Artigo 9.- COMPOSICIÓN E ELECCION DA MESA DO CONGRESO

9.1. O Congreso Local será presidido pola Mesa do Congreso, que estará composta por un Presidente, un Secretario e un vogal (Art. 21.e. RMC).

9.2. Todos os membros da Mesa deberán ostentar a condición de afiliados nos mesmos termos indicados para poder exercer o dereito ao voto.

9.3. No acto inaugural do Congreso, o Presidente da Comisión Organizadora, trasladará a proposta de composición da Mesa do Congreso á Asemblea, que deberá ser ratificada por maioría simple. De non aceptarse a proposta, abrirase un prazo de 30 minutos, durante o cal, se poderán presentar candidaturas completas á Mesa avaladas, como mínimo, polo 15% do total do censo de inscritos, sendo elixida a candidatura que obteña o maior número de votos (art. 21.1. RMC).

Artigo 10.- APROBACIÓN DO REGULAMENTO

Constituída a Mesa do Congreso, esta deberá anunciar o oportuno acordo de aprobación do Regulamento, dando lectura das disposicións que han de rexer os traballos do mesmo (art. 24. RMC).

Artigo 11.- FUNCÍONS DA MESA DO CONGRESO

A Mesa do Congreso dirixirá, impulsará, ordenará e moderará os debates, velando en todo momento pola boa marcha do Congreso. As decisións da

Mesa adoptaranse por maioría simple, tendo o Presidente, en caso de empate, voto de calidade.

Corresponde á Mesa cumprir e facer cumprir o Regulamento do Congreso, interpretalo nos casos de dúbida e suplilo nos de omisión (art. 25. RMC).

Artigo 12.- DA PRESIDENCIA

12.1. Corresponde ao Presidente, en nome da Mesa, abrir, dirixir suspender e levantar a sesión; autorizar o uso da palabra e fixar, á vista das peticións de intervención, o número máximo de intervencións e a duración das mesmas. Ademais, antes de cada votación, exporá con claridade os termos da proposta ou propostas sometidas á mesma (art. 26.1. RMC).

12.2. O Presidente poderá chamar ao orde e, no seu caso, retirar a palabra a quen nas súas intervencións se alarguen excesivamente, se desvíen do tema obxecto do debate, falten ao establecido neste Regulamento, profiran expresións ofensivas ao decoro do Partido, dos seus membros ou de calquera outra institución, entidade ou persoa, ou que de calquera outra forma alteren a orde ou obstaculicen a boa marcha do Congreso (art. 26.2 RMC).

Artigo 13.- DA SECRETARÍA

13.1. Corresponde á Secretaría da Mesa, a redacción da acta de sesión recollendo na mesma o resumen das intervencións, as propostas presentadas, as votacións producidas, indicando o número de votos emitidos, os favorables, os contrarios, os nulos e as abstencións, así como os resultados (art. 28.1. RMC).

13.2. A acta será aprobada pola Mesa e, unha vez rematado o Congreso, será firmada por todos os seus compoñentes, remitíndose, posteriormente, á Sede Provincial del Partido (art. 28.2. RMC).

Artigo 14.- FUNCIONAMIENTO DO CONGRESO

O Congreso funcionará en Pleno. Os seus acordos adoptaranse por maioría simple mediante votación a man alzada, salvo os referentes á elección dos órganos do Partido, que se acomodarán ao establecido no presente Regulamento (art. 29. RMC).

Artigo 15.- PRESENTACIÓN DE CANDIDATURAS E PROGRAMAS ANTE O CONGRESO

Os candidatos proclamados terán dereito a presentar ante o Pleno do Congreso o seu programa e ao equipo que lle acompaña para cubrir os órganos de dirección, correspondendo á Mesa limitar os tempos, así como fixar a orde de intervencións. Para iso, deberá considerarse o número de avais válidos que presente cada candidato, de xeito que os que aporten maior número, terán prioridade para elixir a orde da súa intervención. Os empates dirimiranse por sorteo (art. 33. RMC).

Artigo 16.- DAS VOTACIÓNS

16.1. A elección do Presidente levarase a cabo na Asemblea local.

16.2. A votación dos candidatos efectuarase mediante votación secreta. Para iso, se habilitarán o número de urnas que a Comisión Organizadora considere convinte. Cada urna estará baixo a custodia dunha Mesa Electoral designada a tal fin pola Mesa do Congreso (art. 34. RMC).

16.3. Os candidatos á Presidencia poderán nomear un ou varios afiliados que actúen como interventores ou apoderados no acto da elección, pero só un deles, ao mesmo tempo, se incorporará á Mesa constituída a tal efecto.

16.4. As papeletas para efectuar a votación serán elaboradas pola Comisión Organizadora e nelas aparecerá, tralo texto “DOU O MEU VOTO Á CANDIDATURA ENCABEZADA POR”, o nome do candidato á Presidencia.

16.5. Os afiliados con dereito a voto, no momento de depositar a papeleta de voto, acreditarán a súa condición co Documento Nacional de Identidade, Pasaporte ou Permiso de Conducir.

16.6. Durante a xornada electoral queda prohibido facer campaña ou distribuír papeletas, previamente sinaladas, no interior do recinto no que se celebren as votacións, podendo precisar a Mesa do Congreso os límites da prohibición (art. 14.7. RMC).

16.7. Unha vez finalizada a votación, as Mesas Electorais realizarán os correspondentes escrutinios que serán remitidos á Mesa do Congreso, quen anunciará os resultados e proclamará á candidatura que obteña o maior número de votos.

No caso de que houberse máis dun candidato e se producise un empate no número de votos a cada candidato, o desempate resolverase por sorteo (art. 20.7. RMC).

TÍTULO IV

DAS IMPUGNACIÓNS

Artigo 17.- PROCEDEMENTO E ÓRGANOS COMPETENTES

17.1. Os acordos de proclamación de candidatos poderán impugnarse por estes, por escrito, ante a Comisión Organizadora do Congreso que, nun prazo máximo de 24 horas, resolverá sobre a impugnación (art. 35. RMC).

17.2. As reclamacións e impugnacións daqueles acordos tomados durante a celebración do Congreso serán presentadas polos afiliados ante a Mesa del Congreso, que resolverá durante a celebración do mesmo, incluíndo na acta as motivacións nas que se fundamenta a súa resolución.

A resolución da Mesa será apelable ante o Comité de Dereitos e Garantías de Galicia, no prazo máximo de 24 horas despois da celebración do Congreso.

17.3. O Comité Nacional de Dereitos e Garantías resolverá, en segunda instancia, os recursos interpostos contra as resolucións do Comité de Dereitos e Garantías de Galicia.

DISPOSICIÓN FINAL

En todo o non previsto neste Regulamento, será de aplicación o disposto nos Estatutos Nacionais do Partido Popular, no Regulamento Marco de Congresos.